



Suxestión dirixida á Consellería de Política Social e Igualdade para que se avalíe a posibilidade de realizar unha interpretación ampla da normativa de aplicación, estendendo a regulamentación prevista para os días de vacacións aos días de asuntos propios, enchendo o baleiro legal existente do xeito máis beneficioso para as persoas interesadas

Expediente: A.11.Q/757/24

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2024

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de dona XXX, referente ao non recoñecemento de días de asuntos propios polo tempo traballado no ano 2023.

ANTECEDENTES

Primeiro.- No seu escrito, esencialmente, indícanos o motivo da súa queixa ao sinalar, en esencia:

Que en el último concurso de traslados obtuve una jefatura de negociado en el instituto Gallego de Vivienda y Suelo de Pontevedra, en la que he estado desempeñando servicios efectivos, desde la resolución del concurso y en concreto, desde el 01.01.2023 hasta el 31.08.2023. En esta última fecha solicité una excedencia por motivos particulares y el 01.09.2023 tomé posesión como funcionaria interina en el Grupo A1, en la Consellería de Política Social, servicio de Prestacións e Inclusións de Vigo.

Que consecuentemente, como funcionaria que soy, ya que la ley no distingue a este respecto entre funcionarios interinos o de carrera, he trabajado este año con solución de continuidad, generando el derecho a los días de vacaciones pertinentes, así como a los días de asuntos particulares correspondientes. Que ante esta situación, por la oficina de personal de Vigo, no se me reconocen más días de asuntos propios ni de vacaciones que los correspondientes al inicio de mi relación contractual como funcionaria interina, es decir desde el 01.09 de 2023 hasta el 31.12.2023.

Que estoy en total desacuerdo con esta interpretación de la normativa en base a lo siguiente:

- Ley 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia. (DOG N.º 44, del 04.03.2016)
"Artículo 118. Permisos por asuntos particulares. 1. El personal funcionario tiene derecho a permisos por asuntos particulares, sin necesidad de justificación, con la duración

prevista en la legislación básica del Estado. 2. La concesión de los permisos regulados en este artículo queda condicionada a las necesidades del servicio.”

- RESOLUCIÓN de 24 de febrero de 2016, de la Dirección General de la Función Pública, por la que se dictan instrucciones sobre el régimen de vacaciones, permisos y licencias. “Decimocuarta. Permiso por asuntos particulares 1. A lo largo del año, el personal funcionario y el personal laboral tienen derecho a seis días de permiso por asuntos particulares, sin necesidad de justificación.

Asimismo, este personal tendrá derecho al disfrute de dos días adicionales de permiso por asuntos particulares al cumplir el sexto trienio, que se incrementará en un día adicional por cada trienio cumplido a partir del octavo. El disfrute de estos días podrá ser ejercido desde el día siguiente a la fecha en que se genere tal derecho.

La concesión de este permiso queda condicionada a las necesidades del servicio debidamente justificadas. Los días por asuntos particulares podrán acumularse a los días de vacaciones que se pueden disfrutar de forma independiente (6 días hábiles).

Asimismo, con carácter excepcional y condicionado a las necesidades del servicio, también se podrán acumular todos los días de asuntos particulares a la totalidad de las vacaciones anuales.

2. El personal podrá distribuir dichos días a lo largo del año, y se tendrá en cuenta que su ausencia no provoque una especial dificultad en el normal desarrollo del trabajo, respetando siempre las necesidades del servicio. Cuando por estas razones no sea posible disfrutar de estos días antes de finalizar el mes de diciembre, podrán concederse hasta el 31 de enero del año siguiente.

3. Los días de asuntos particulares corresponderán por los servicios prestados cada año natural en la situación de servicio activo. Si el tiempo en servicio activo fuera inferior al año natural, se distribuirán un número de días de asuntos particulares proporcionales al tiempo trabajado, redondeándose al alza (mayor o igual al 0,5) a favor del personal solicitante.

Asimismo, al personal que proceda de la situación de servicios especiales/excedencia forzosa y de la situación de servicio en otras administraciones públicas, una vez que se produzca el reingreso al servicio activo, se le reconocerán los días de asuntos particulares relativos al tiempo efectivamente trabajado en ambas situaciones y que no hubiesen sido disfrutados. A estos efectos, deberán acreditarse los días de asuntos particulares que, de ser el caso, haya disfrutado durante dichas situaciones.”

De acuerdo con la normativa expuesta, y teniendo en cuenta que la ley no distingue entre funcionarios de carrera o interinos, y que yo he estado en servicio activo ininterrumpidamente todo el año 2023, es por lo que entiendo que tengo derecho a las vacaciones correspondientes a mis ocho trienios reconocidos, así como a los pertinentes días de asuntos propios (Siempre y cuando no hayan ya sido disfrutados, y por supuesto

condicionados a las necesidades del servicio). En ningún supuesto se prevé que por cambiar de un grupo administrativo a otro, sea privada de un derecho reconocido por ley.

Adjunto justificante de los días de vacaciones y de asuntos particulares, emitido por el instituto Gallego de Vivienda y Suelo de Pontevedra. “

2° Con fecha 13.10.2023 por el Director Xeral de Simplificación administrativa, se me notifica que la queja presentada (Referencia: Queixa Nª:2023/Q-3062), se traslada a la Secretaría General Técnica de la Consellería de Política Social y Juventud, a los efectos de su tramitación, al entender que está referida a un desacuerdo en la interpretación normativa, en materia de personal de la Administración.

3° El 17.10.2023. presento escrito de ampliación de queja, en el que textualmente digo:

XXX, titular del DNI Núm. XXX, domicilio a efectos de notificaciones en C/XXX Pontevedra, email: XXX y teléfono de contacto: XXX, mediante el presente escrito EXPONGO:

- Que con fecha 11.10.2023 presenté queja ante el servicio de Personal, Subdirección de Personal de la Consellería de Política Social y Juventud (San Caetano S/N 15781 Santiago de Compostela).

- El 13.10.2023 se me notifica que analizando mi escrito, entienden que está referido a un desacuerdo con la interpretación normativa en materia de personal de la Administración, dando traslado de la queja a la Secretaría Xeral Técnica de la Consellería de Política Social e Xuventude. (Referencia: Queixa N.º 2023/Q-03062).

Mediante el presente escrito, procedo a ampliar la queja en base a lo siguiente:

1°- Accediendo al Portax con mi usuario y contraseña, la aplicación indica que tengo once días de asuntos propios. Adjunto captura de pantalla de la misma.

2°- Por mi servicio de personal se me indica que la aplicación, y dada mi antigüedad en la administración, genera los días correspondientes a la misma, pero puesto que yo tomé posesión el 01.09.2023, solo tengo derecho a cuatro días de asuntos propios.

3°- El 16 de octubre de 2023, presenté solicitud electrónica, pidiendo certificado escrito de las días de asuntos propios que me corresponden. Aporto también copia

4°- Con fecha 17.10.2023, recibo certificado firmado por la Jefa del Servicio de Coordinación Administrativa de la Jefatura Territorial de Vigo de la Consellería de Política Social y Juventud, en la que se me certifica un día de asuntos particulares y que aporto con este escrito.

Estando en profundo desacuerdo con este certificado, y con la postura de mi servicio de personal, es por lo que procedo a ampliar la queja inicial, reiterando la fundamentación jurídica, en la misma indicada y solicitando el reconocimiento de los once días de asuntos propios que por mi antigüedad me corresponden.”

Finalmente el 08.11.2023 se me notifica electrónicamente como contestación a mi queja, escrito firmado por la jefa del Servicio de Coordinación Administrativa de la Jefatura Territorial de Vigo, en el que someramente y sin ninguna fundamentación jurídica, se dice que el derecho a los días de asuntos particulares se vincula a cada nombramiento, por lo que solo me corresponden los días generados a partir del nombramiento como funcionaria interina.

Este es el motivo por el cual formula la presente queja, dicha resolución, a mi modesto entender, vulnera la legalidad y toda la normativa expuesta, y es profundamente discriminatoria, ya que me sitúa en situación de agravio comparativo con los funcionarios de carrera, además de ser absurda, porque yo he estado en servicio activo todo el año de manera ininterrumpida, y tengo ocho trienios con lo cual me corresponden los once días de asuntos propios reclamados.

Además de discriminación la resolución, por llamarla de alguna manera, me deja en la más absoluta indefensión, ya que ni me indica el recurso que procede contra la misma, con lo cual no tengo ninguna posibilidad de reclamar en vía administrativa y en vía contencioso administrativa.

Por todo lo expuesto SOLICITO:

Que se admita la queja presentada y en base a la normativa en vigor se me reconozcan los once días de asuntos propios, y se subsane la indefensión con una resolución en la que figure un pie de recurso.

Segundo.- Ante iso requirimos informe á administración, que nolo remitiu indicando, en esencia, o seguinte:

Segundo. O día 01/09/2023 tomou posesión como funcionaria interina no posto base subgrupo A1 con código PS.C99.10.000.36560.013 da Consellería de Política Social e Xuventude.

Segundo consta no seu expediente o 31/08/2023 cesou nun posto da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola seguinte causa: excedencia por interese particular.

Terceiro. Con data 11/10/2023 tivo entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa da Consellería de Facenda e Administración Pública un escrito de queixa (modelo PROO2A) presentado por XXX en relación ao desacordo nunha materia de persoal. Este escrito foi redirixido á Consellería de Política Social e Xuventude.

Cuarto. No devandito escrito XXX manifesta o seu desacordo coa interpretación que fai o departamento de persoal da Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Política Social e Xuventude da normativa que expón no dito escrito.

Refírese neste escrito a unha consulta verbal que formulou perante persoal do citado departamento quen tamén verbalmente lle explicou cantos días de vacacións e asuntos particulares xerou desde a toma de posesión como funcionaria interina.

Quinto. Tendo en conta que o que presentou XXX foi un escrito de queixa ou desacordo, non unha solicitude, déuselle resposta mediante un escrito (notificado o día 09/11/2023 mediante o sistema Notifica.gal), no que aos efectos de aclarar o que xa se lle explicara verbalmente se lle indica o seguinte:

- En relación ás vacacións expónse que con anterioridade á toma de posesión como funcionaria interina consta no seu expediente que gozara un total de 17 días e que tras a mencionada toma de posesión xera ata fin de ano 8 días máis (en total 25 días).
- En canto aos días de asuntos particulares indícase que o dereito aos mesmos vincúlase a cada nomeamento polo que lle corresponden os días xerados a partir do nomeamento como funcionaria interina. Desde a toma de posesión (01/09/2023) xerou un total de 4 días de asuntos particulares (incluída a parte proporcional por antigüidade).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira. A natureza xurídica dos días de permiso por asuntos particulares é distinta á das vacacións.

A Resolución do 24 de febreiro de 2016 da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas regula na instrución quinta as "Vacacións" e sinala o seguinte:

" 9. Cando se produza o cesamento do persoal interino ou laboral temporal antes de completar o ano de servizo e non puidese gozar das vacacións por necesidades do servizo terá dereito ao aboamento da parte proporcional das súas vacacións, a non ser que a causa do cesamento veña motivada pola adquisición da condición de funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo desta Administración. Neste caso computaranse os servizos prestados como persoal interino ou como laboral temporal para efectos do cómputo do período de vacacións".

Polo contrario cando a citada Resolución regula na instrución Décimo cuarta o Permiso por asuntos particulares non permite que os días de asuntos particulares xa xerados poidan acumularse a posteriores vinculacións que con carácter temporal poidan formalizarse coa Administración.

Segunda. No caso das contratacións temporais o dereito aos días de asuntos particulares vincúlase a cada nomeamento polo que con motivo de cada contratación temporal o cálculo de días correspóndese coa duración do nomeamento en cuestión.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promove este expediente e do que se manifesta no informe da administración, resultan as seguintes consideracións:

Primeira.- A interesada manifesta a súa desconformidade coa interpretación que se realiza sobre a normativa aplicable aos días de asuntos propios. No presente caso, non se están a acumular os días non desfrutados nunha relación de servizos previa no propio ano natural.

Tal e como sinala a interesada, na Resolución do 24 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas, se indica:

Décimo cuarta Permiso por asuntos particulares (artigo 118 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia)

3. Os días de asuntos particulares corresponderán polos servizos prestados cada ano natural na situación de servizo activo. Se o tempo en servizo activo foi inferior ao ano natural, gozaranse un número de días de asuntos particulares proporcionais ao tempo traballado, que se arredondarán á alza (maior ou igual ao 0,5) a favor do persoal solicitante.

Así mesmo, ao persoal que proceda da situación de servizos especiais/excedencia forzosa e da situación de servizo noutras administracións públicas, unha vez que se produza o reingreso ao servizo activo, recoñeceránselle os días de asuntos particulares relativos ao tempo efectivamente traballado en ambas as situacións e que non fosen gozados. Para estes efectos, deberán acreditarse os días de asuntos particulares de que, de ser o caso, gozou durante as ditas situacións.

Segunda.- No informe achegado pola Administración, se indica que a acumulación de días procede no caso de vacacións pero que a norma non contempla este suposto para os días de asuntos propios.

Terceira.- A resolución do 24 de febreiro, non ten contemplado expresamente esta acumulación de días de asuntos propios derivados de contratacións temporais sucesivas, con todo, tampouco a prohíbe. É mais, ten contemplado esta acumulación en determinados casos (servizos especiais, excedencia forzosa ou situación de servizo noutras administracións públicas).

Así, dado que a normativa aplicable non regula expresamente esta situación, realizando unha interpretación extensiva da regulamentación dos días de vacacións, parece que nada impide a súa aplicación no presente caso de asuntos propios, cara a evitar prexuízos á persoa solicitante que non utilizou os días aos que tiña dereito.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa administración a seguinte **suxestión:**

Avaliar a posibilidade de realizar unha interpretación ampla da normativa de aplicación, estendendo a regulamentación prevista para os días de vacacións aos días de asuntos propios, enchendo o baleiro legal existente do xeito máis beneficioso para as persoas interesadas.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo